

ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal de Mugardos de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenzia de obras ou urbanística, teñase obtido ou non dita licenzia, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenzia ou a actividade de control corresponda a este Concello.

Artigo 2.- Supostos de non sujeción

Non estarán suxeitos ó imposto regulado na presente ordenanza:

1. As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ó Patrimonio municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.
2. As obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións de veciños, culturais e asociacións deportivas legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades sen ánimo de lucro en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.
3. As obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche de vías públicas se se efectuou cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.
4. As obras, construcións e instalacións que promova dentro do termo municipal de Mugardos a Mancomunidade de Concellos da Ría de Ferrol.
5. A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ó Patrimonio municipal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sean donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

A os efectos previstos no párrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o coste que conleva a súa realización.

No suposto, de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzias ou realicen as construción, instalación ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

Artigo 4.- Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entede por tal, a estes efectos, o coste de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o IVE e demais impostos análogos propios de réximes

especiais, as taxas, precios públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre estrictamente o coste de execución material.

Este calcularase do modo seguinte:

a) En obras menores será o resultado de estimar o orzamento das mesmas, como produto das distintas unidades polos prezos compoñentes obtidos dos que figuran no anexo a esta ordenanza.

b) En obras maiores o orzamento será calculado en función dos índices ou módulos segundo a tipoloxía e uso da edificación que figuran no anexo.

2. Enténdese que ese orzamento de referencia é provisional o cal deberá de comprobarse coa solicitude de primeira utilización co correspondente certificado de final de obra, e deberá de estimarse o custo definitivo da obra en función da súa calidade, de tal xeito que ante unha diferenza significativa será necesario proceder á revisión da liquidación, a que deberá de axustarse o custo real da obra.

3. Os orzamentos, tanto o de referencia co que se obterá o orzamento para a liquidación inicial coma o orzamento final, serán obxecto de valoración por parte dos servizos técnicos municipais, se no fosen representativos do prezos no momento de se conceder a licenza.

4. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo da liquidación municipal que se practique, se o importe da base impositiva determinada consonte as regras deste artigo non fose conforme ó custo real e efectivo das obras ou os datos físicos facilitados polos contribuíntes.

5. Este imposto está suxeito a liquidación por parte desta administración que será posterior á concesión da licenza, esta non será outorgada ata que a liquidación sexa aprobada polos servizos técnicos municipais.

6.-A cuota deste imposto será o resultado de aplicar á base impositiva o tipo de gravamen.

O tipo de gravamen será:

a) A realización de obras ambientais e estruturais nos edificios do Casco Antigo da Vila de Mugar dos e O Seixo terá un tipo de gravamen do 2%.

b) Para o branqueo, pintado e impermeabilización de fachadas e muros en edificios con uso de vivenda, terá un tipo de gravamen do 2%.

c) Para as obras realizadas polas asociacións de veciños, culturais e asociación deportivas legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades sen ánimo de lucro destinadas a uso común o tipo de gravamen será do 2%.

d) Para o resto das construción, instalación e obras o tipo de gravamen será de 3,18%.

Artigo 5.- Bonificacións

As bonificacións na cota do imposto terán en tódolos os casos carácter rogado.

1.- As construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración poderán beneficiarse dunha bonificación do 50% sobre a cuota do imposto.

Dita declaración corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do

suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- As construción, instalación ou obras referentes ás vivendas de protección oficial poderán beneficiarse dunha bonificación do 50% sobre a cuota do imposto.

3. Terán unha bonificación do 95% da cota as obras, instalacións e construcións, realizadas por asociacións de veciños, culturais e asociación deportivas legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades sen ánimo de lucro, en centros destinados a:

- Asistencia ou integración social.
- Desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación.
- Bens cualificados como histórico-artísticos ou incluídos no correspondente catálogo.

Para acceder a esta bonificación, será necesario achegar xunto á solicitude os estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local.

A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ó outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de mora correspondentes. Dita declaración corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

4. Estarán bonificadas as construcións, instalación e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Esta bonificación será polo importe resultante de aplicar un tipo de beneficio do 95% á parte de cota derivada do custo adicional –no seu caso- á base impositiva deste imposto pola materialización dos ditos aproveitamentos da enerxía solar. Este custo adicional deberá ser acreditado documentalmente polo solicitante e informado favorablemente polo servizos técnicos municipais.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente sempre que as mesmas non deriven de obrigacións impostas polas normas urbanísticas ou de calquera outra natureza.

A porcentaxe de bonificación será do 95% sobre o coste real das obras.

5. Gozarán dunha bonificación na cota as construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, sempre que as mesmas non deriven de obrigacións impostas polas normas urbanísticas ou de calquera outra natureza, e se dirixan á adaptación de vivendas cando a súa execución derive directamente da situación de incapacidade das persoas físicas que as habiten. En todo caso entenderase que favorecen as condicións de habitabilidade as que cumpran os requisitos que para esta materia estableza a lexislación específica, quedando todo isto suxeito ao preceptivo informe técnico.

A porcentaxe de bonificación será do 90% sobre o custo real das obras desta clase que directamente se dirixan a executar dita adaptación.

Artigo 6.-Inspección e recadación

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordó co previsto na LXT e nas demais

leis reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 7.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso aplicarase o réxime regulado na LXT e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo

UNIDADES DE OBRA	EUROS
1. LIMPEZA E MOVEMENTOS DE TERRA	
Limpeza e nivelación de terreos	1,80 €/m ²
Estendido de terras	0,19 €/m ³
Escavación e acopio de terreo	0,39 €/m ³
Recheo, estendido e compactado	5,82 €/m ³
Desmante con retroescavadora	1,32 €/m ³
2. INSTALACIÓNS EXTERIORES FONTANERÍA E SANEAMENTO	
Depósito de auga	24,80 €/m ³
Foxa séptica e poliéster reforzado con fibra de vidro, capacidade ata 8 persoas e 1,5 m ³ , enterrada	1078,68 €/u
Bomba sumerxible para pozo, ata 22 kw e 80 m ³ /h	11481,80 €/u
3. DEMOLICIÓNS	
Demolición de tabique de LH manual	4,50 €/m ²
Demolición de fábrica de bloque	5,39 €/m ²
Apertura de oco en fábrica	85,15 €/m ²
Desmontaxe de cuberta de fibrocemento	7,60 €/m ²
Desmontaxe de cuberta de tella	8,38 €/m ²
Desmontaxe de falso teito	5,34 €/m ²
Picado de revestimentos	6,75 €/m ²
Picado de azulexo	9,00 €/m ²
Picado de pavimento (baldosa)	6,73 €/m ²
Levantado de carpintería ≤ 3m ²	6,75 €/u
Levantado de sanitario	11,57 €/u
Levantado de rede de distribución de auga de cuarto húmido	67,61 €/u
Levantado de rede horizontal de sumidoiros prof. < 1m	14,99 €/u
Demolición de foxa séptica	105,28 €/m ³
4. TABIQUERÍA	
Tabique LHD	9,60 €/m ²
Tabique de xeso laminado	27,66 €/m ²
Extradorsado de xeso laminado	22,15 €/m ²
5. ACABADOS	
Enfoscado mestrado e fratasado con morteiro de cemento e area	11,79 €/m ²
Falso teito de prancha de escaiola lisa	13,19 €/m ²
Pavimento de baldosa de terrazo pulido	35,24 €/m ²
Pavimento continuo de formigón con mestura de cemento e aditivos, en cor	18,69 €/m ²
Pavimento de baldosa de gres	25,00 €/m ²
Pavimento de lousas de PVC ou similar	19,94 €/m ²
Pavimento de tarima flotante laminada	26,40 €/m ²
Pavimento de tarima de madeira maciza vernizada	52,68 €/m ²
Pavimento de mármore nacional	56,08 €/m ²
Azulexado	21,10 €/m ²
Chapeado de granito nacional	66,52 €/m ²
Revestimento de paramentos exteriores con pintura plástica	5,47 €/m ²
Revestimento de paramentos interiores con pintura plástica	4,82 €/m ²
Revestimento sobre madeira con esmalte sintético ou verniz, incluído lixado previo	10,15 €/m ²

6. CARPINTERÍA	
Carpintería de madeira de piñeiro de superficie ≤ 3m2	198,35 €/m2
Carpintería de aluminio lacado de superficie ≤ 3m2	177,37 €/m2
Carpintería de Aluminio de RPT o PVC de superficie ≤ 3m2	311,29 €/m2
Reixa de aceiro para ventá	78,14 €/m2
Peche de lama de aceiro enrolable (de seguridade) ≤ 6m2	63,65 €/m2
7. CUBERTA	
Cubrición con pranchas de fibrocemento	15,44 €/m2
Cubrición con tella cerámica curva	22,84 €/m2
Limpeza e retellado de vertente con tella curva, ata unha substitución dun 15% da tella	9,61 €/m2
Formación de cuberta con correas de formigón prefabricado para luces <3m	10,57 €/m2
Formación de cuberta con correas de madeira para luces <3m	24,35 €/m2
Illamento con pranchas de poliestireno extrusionado	11,84 €/m2
Azotea non transitable autoprotexida impermeabilizada con membrana monocapa adherida e lámina de betume elastomérico	36,02 €/m2
Cano de PVC	20,38 €/m
Cano de cinc ou de aceiro	34,96 €/m
Cano de aluminio	24,46 €/m
Baixante de PVC	18,99 €/m
Baixante de cinc ou de aceiro	29,93 €/m
Baixante de aluminio	22,79 €/m
8. INSTALACIÓNS INTERIORES	
Instalación de auga fría e quente de cuarto húmido	347,29 €/u
Instalación interior de saneamento de cuarto húmido	200,27 €/u
Circuíto interior de rede eléctrica de baixa tensión para uso de vivenda ≤ 100 m2	139,72 €/u
Instalación de calefacción, vivenda ≤ 100 m2	3692,80 €/u
Lavabo	131,11 €/u
Bañeira	183,27 €/u
Inodoro	143,96 €/u
Bidé	118,25 €/u
Prato de ducha	162,37 €/u
9. ENGADIDOS NAS FACHADAS	
Toldo con brazo extensible e accionamento manual	87,90 €/m2
Marquesiña	176,80 €/m2
Rótulo opaco	259,20 €/m2
Rótulo luminoso	359,50 €/m2
Carteleira publicitaria	148,15 €/m2
10. MEDIOS AUXILIARES	
Instalación de guindastre pluma	80 €/hora
Instalación de guindastre torre	900 €/mes
Instalación de guindastre torre automontante	600 €/mes
Estadas nas fachadas	4,00 €/m2 mes
11. PECHES	
Peche de tulla, inclúe zanxa e prantación	9,50 €/m2
Peche de malla metálica electrosoldada e postes	25,22 €/m2
Cerrume de bloque de formigón para revestir	22,02 €/m2
Cerrume de formigón prefabricado	30,00 €/m2
Cerrume de bloque de formigón tipo Split	45,03 €/m2
Cerrume de cachotería, pedra ou lousa	22,30 €/m3
Peche metálico	54,82 €/m2
Peche de reixa de fundición ou de forxa	169,25 €/m3
Celosía de formigón vibrocomprimido de cor	39,74 €/m2
Porta de chapa de aceiro	68,44 €/m2
Porta de fundición de entrada a parcela	133,00 €/m2
Varanda recta de tubo de aceiro	47,27 €/m
Varanda de madeira tratada para exteriores	85,00 €/m2

12. URBANIZACIÓN	
Formación e apertura de gabias	7,35 €/m
Drenaxe con tubo rañurado dm 32 PVC, foxo con grava e terra	7,61 €/m
Perfilado e compactado de caixa de rúa	0,51 €/m2
Base de zorra para pavimentos	21,48 €/m3
Colocación de loseta de formigón para beirarrúas sobre soleira de formigón executada	14,98 €/m2
Colocación de bordo de formigón prefabricado	15,36 €/m
Colocación de bordo de granito	32,52 €/m
Soleira lixeira de formigón non estrutural	17,25 €/m2
Pavimento de garavanciño	7,24 €/m2
Pavimento de lastro de granito	55,73 €/m2
Pavimento de lastro de formigón	20,92 €/m2
Soterrado de cableado eléctrico de media ou baixa tensión	49,02 €/m
Canalización da rede de sumidoiro en entubados de formigón dm interior 30 cm para soterrar en gabia	41,53 €/m
Canalización de saneamento en canalización de PVC de dm exterior 32 para soterrar en gabia	12,41 €/m
Traslado y colocación de báculo na vía pública	601,00 €/u
Colocación de báculo na vía pública	501,00 €/u
Colocación de columna na vía pública	331,00 €/u
Acometida á rede de sumidoiros, auga, gas, electricidade, teléfono e outros servicios	528,00 €/u
Pozo de rexistro	217,40 €/u
Sumidoiro de recollida de pluviais con arqueta e reixa de fundición	172,31 €/u
Arqueta de rexistro de obra	104,97 €/ud
Sumidoiro de recollida de pluviais con arqueta e reixa de fundición	172,31 €/u
Pozo de rexistro	217,40 €/u
Pozo de resalto	1194,01 €/u
Pozo de captación de auga	558,00 €/u
Firme flexible para calzada de tráfico medio formado por 20 cm zorra artificial e pavimento de 25 cm de aglomerados asfálticos en quente, incluído regas de imprimación e/ou adherencia	27,59 €/m2
Piscina prefabricada en poliéster realizada con resinas reforzadas con fibra de vidro en sucesivas capas hasta alcanzar un espesor total de 1 cm., de 40 m3 a 80 m3, con escalinata, incluso transporte y descarga con grúa, equipada y caseta prefabricada, red de tuberías en PVC, remate perimetral en piedra, colocada, incluye excavación de tierras en vaciado y transporte de las mismas a vertedero.	12,000,00 €/ud
	Módulos COSTES
2. OBRA MAIOR	
Relación de prezos medios de execución material (m2 construído)	
Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares e residencial público:	495,43 €
Outros usos en edificios de vivendas plurifamiliares (espazos baleiros, sotos, semi sotos e garaxes):	262,58 €
Usos de vivenda unifamiliar:	619,29 €
Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar (espazos baleiros, sotos, semi sotos, garaxes e porches):	297,26 €
Edificios con uso exclusivo industrial con proceso produtivo:	346,80 €
Edificios con uso exclusivo industrial sen proceso produtivo:	247,72 €
Edificios con uso exclusivo terciario (oficinas, comercio, ocio, hostalaría):	644,06 €
Comercios en edificio mixto:	594,52 €
REFORMA E REHABILITACIÓN:	
Aplicar aos módulos resultantes anteriores un dos seguintes coeficientes:	
Reformas de pouca entidade (acabados interiores)	0,30
Rehabilitación de instalacións e acabados	0,65
Reformas que afecten só a elementos estruturais	0,50
Rehabilitación integral conservando exclusivamente as fachadas	1,00
Demolición e derrubes (aplicadas á superficie que hai que demoler)	0,02
Cargas, tratamento e trasportes procedentes da demolición	0,02
3. XENERALIDADE	
No suposto de construcións, instalacións ou obras non encadradas nas partidas anteriores aplicaráselles o prezo medio que máis se aproxime aos supostos tipificados.	